

A metade dos residuos que xeramos na vivenda son residuos orgánicos, que separados do resto, son enteiramente reciclables. Instalando un composteiro comunitario podemos transformar restos orgánicos en compost, un abono de calidade que pode ser utilizado como fertilizante.

#### **Estimación económica:**

Cada persoa produce 0.5 Kg/día de residuos orgánicos. Nunha vivenda de 4 persoas xérase 2Kg/día máis 1Kg de restos de xardín.

3 Kg/día x 365 días/ano= 1.095 Kg/ano (1.1 Tn/ano)

O custo a SOGAMA de cada Tn é de 65 € sen contar o prezo polo transporte ata Cerceda.

Polo tanto se non se recollen 110 Tn/ano deixaríamos de pagar 7.150 €/ano

#### **VANTAXES ECONÓMICAS**

- 1.- O participante obtén compost, un abono de calidade.
- 2.- O concello aforra na recollida e na factura de SOGAMA.
- 3.- Si o proxecto funciona o participante tamén terá unha redución na factura.

#### **VANTAXES SOCIAIS**

- 1.- Fomento do contacto das persoas coa natureza recuperando unha práctica tradicional da cultura galega.
- 2.- Presentase como unha ferramenta de educación ambiental e participación cidadá.
- 3.- Comodidade do composteiro fronte ó contenedor municipal, debido á instalación e ausencia de cheiros.

#### **VANTAXES MEDIOAMBIENTAIS**

- 1.- O compost funciona como sumidoiro de CO<sub>2</sub>, co que axuda a paliar o cambio climático.
- 2.- Diminuímos as emisións de CO<sub>2</sub> asociadas ó transporte do lixo, xa que o lixo fica onde se produce.
- 3.- Devolvemos materia orgánica ós solos, esencial para a fertilidade.